

18 de outubro de 2012
Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela

~ Pertencere Rafael Dieste a esa rara
categoría de persoas en las que
desbordau los valores y virtudes.

ZAMBRANO DIESTE: O LEGADO DE DUAS FIGURAS INSUBORNABLES

Extracto da carta de María Zambrano remitida a Ángel Teijeiro,
presidente do Ateneo Ferrolán, e publicada en *Cadernos Ateneo
Ferrolán*, ano III, número II, 1983

Su presencia ha sido
siempre irradiaante, es decir: generosa
luminosa, como para ser cantada
mas que cantada. Seale dado algo, como
no mas sea en mis pbras palabra, alguna
nota de ese canto. María Zambrano

María Zambrano

ZAMBRANO-DIESTE: O LEGADO DE DUAS FIGURAS INSUBORNABLES

A recuperación da memoria vén sendo xa un lugar común que deixa de ter sentido se non serve como espazo de transformación. María Zambrano Alarcón (1904-1991), unha das figuras claves da filosofía do século XX, e Rafael Dieste (1899-1981), escritor da xeración do 27, son dúas persoas comprometidas e enraizadas na cultura popular. A súa relación intelectual iníciase na Segunda República e estréitase a través da súa participación nas Misións Pedagóxicas e noutras iniciativas culturais. Pensar as súas relacións e producións é pensar tamén no futuro. Zambrano e Dieste asomen non só o peso da nosa memoria histórica senón tamén a necesidade de repensar as súas motivacións e as súas achegas.

Rafael Dieste e María Zambrano deixáronnos unha obra construtora de pontes, altamente renovadora, aberta a tempos e espazos de pluralismo. Foron capaces de xerar unha nova canle expresiva portadora da palabra precisa para construír espazos de opinión pública. Ela e mais el conxugan o rigor da palabra e a liberdade vital. Non obstante, fan parte dos e das novas "non cidadás", das e dos "transterrados", dos e das "olvidadas" da nosa historia recente. É por iso que esta xornada ten como obxectivos: achegarnos ás súas obras, pensamentos e relacións; propiciar un espazo para o estudo e a emerxencia de novas lecturas; e recuperar o noso legado próximo, o legado de dúas figuras insubornables.

18 de outubro de 2012
Consello da Cultura Galega

PROGRAMA

Sesión da mañá

10:30 h.

PRESENTACIÓN

Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega

María Xosé Agra Romero, coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG

Ramón Máiz Suárez, coordinador da Sección Pensamento e Sociedade do CCG

RELATORIOS

Presenta: **Ramón Máiz Suárez**, coordinador da Sección de Pensamento e Sociedade do CCG e Universidade de Santiago de Compostela

11:00 h.

Zambrano – Dieste: amizade e concorrencias

María Leyra Fernández-Labandera, Universidade de Santiago de Compostela

11:45 h.

A biografía epistolar de Rafael Dieste

Xosé Luís Axeitos Agrelo, secretario da Real Academia Galega

12:30 h.

Pausa

12:45 h.

Poesía e historia. A dialéctica razón poética / razón histórica no grupo Hora de España durante a guerra e no exilio

Arturo Casas Vales, Universidade de Santiago de Compostela

Sesión da tarde

RELATORIOS

Presenta: **María Xosé Agra Romero**, coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG e Universidade de Santiago de Compostela

16:30 h.

Carmen Muñoz

Carmen Blanco, Universidade de Santiago de Compostela

17:15 h.

Rafael Dieste. Da xeometría á filosofía

Xosé Díaz Díaz, Universidade de Santiago de Compostela

18:00 h.

Peche da xornada

Organiza:

Comisión de Igualdade do CCG
Sección Pensamento e Sociedade do CCG

Coordinan:

María Xosé Agra Romero
Ramón Máiz Suárez

Inscrición:

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Inscrición e máis información:

www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

